VíA XIV CURTAS

FESTIVAL INTERNACIONAL DE VERÍN

II EDICIÓN

DO 1 AO 10 DE DECEMBRO

ÍNDICE • INDEX

//05 SAÚDA ALCALDE DE VERÍN • GREETINGS FROM THE MAJOR OF VERIN //06 SAÚDA CONCELLEIRA DE CULTURA DE VERÍN • GREETINGS FROM THE CULTURE COUNCILLOR OF VERIN //07 SAÚDA DIRECTOR FIC VÍA XIV • GREETINGS FROM THE FIC VIA XIV DIRECTOR //09 INFORMACIÓN • INFORMATION //11 XURADO E PREMIOS • JURY AND AWARDS //13 FILME INAUGURAL: OS DÍAS AFOGADOS • OPENING FILM: THE DROWNED DAYS //14 GUÍA DE CURTAS FIC VÍA XIV 2017 • SHORT FILM GUIDE FIC VIA XIV 2017 //72 ACTIVIDADES PARALELAS • PARALLEL ACTIVITIES //88 AGRADECEMENTOS • THANKS //89 PROGRAMA • PROGRAM

PATROCINADORES

DEPUTACIÓN OURENSE

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN

EUROCIDADE CHAVES-VERÍN | AECT

Interreg España - Portugal

visit Chaves~Verín

CaixaBank

CABREIROÁ

COLABORADORES

Máster en Teoría y Práctica del Documental Creativo UAB

USC Universidade de Santiago de Compostela

Universidad Latina de Costa Rica Laureate International Universities

Campus Creativo Universidad Latina de Costa Rica

Festival Audiovisual Enfocus

Universidad Pontificia Bolivariana

Maestría en Cine Documental

AGAC Asociación Sindical Galega de Guionistas

crea Asociación de Directores e Realizadores de Galicia

Euroscopia

Curtocircuito Festival Internacional de Cine

Camira

NUMAX

foto GODÁS dende 1925

Monterrei

AEHCOM Asociación de Hosteleiros

Cafetería meigallo

GADIS

COCHES OFICIAIS

AfiAuto

Talleres Roberto

SAÚDA ALCALDE DE VERÍN
GREETINGS FROM THE MAJOR OF VERIN

"Falar de soños e como falar de películas, xa que o cine utiliza a linguaxe dos soños: anos poden pasar en segundos, e pódese saltar dun lugar a outro". Así definía a linguaxe cinematográfica Federico Fellini, un dos mellores directores da historia do cine.

En Verín entendemos o idioma dos soños: nacemos arroupados polos disfraces, sustentados polas comparsas. Medramos mirando para os escenarios e levamos todos dentro un actor.

Fellini, co seu costumismo e amor polas personaxes, podería perfectamente ter sido de Verín. E falando de soños, quizáis algún día, Verín terá o seu propio Fellini, cun "Amarcord" ambientado no Támega, e unha "La dolce vita" en Cabreiroá.

Se iso chega a suceder, non me cabe dúbida de que o Festival Internacional de Curtas de Verín terá algo que ver. Non por nada tamén dixo Felllini que "o único realista de verdade é o visionario".

Gerardo Seoane
Alcalde de Verín

'Talking about dreams is like talking about movies, since the cinema uses the language of dreams: years can pass in a second and you can hop from one place to another'. This is how Federico Fellini, one of the best film directors in the history of cinema, defined film language.

We understand the language of dreams in Verin. We are born tucked in costumes and held by troupes. We grow up looking at stages and we carry actors inside all of us.

Because of his costumbrismo and his love for the characters, Fellini could have perfectly been born in Verín. And speaking about dreams, it's possible that someday, Verín might have its very own Fellini and some sort of "Amarcord" set in the Tamega river or its own "La dolce vita" set in Cabreiroá.

If this ever happens, there is no doubt in my mind that the Verín International Short Film Festival would have played some part in it. After all, Fellini also said that 'the visionary is the only true realist'.

Gerardo Seoane
Mayor of Verín

SAÚDA CONCELLEIRA DE CULTURA DE VERÍN

GREETINGS FROM THE CULTURE COUNCILLOR OF VERIN

Dicía Otero Pedrayo que Verín era "unha largacía planura cunha extraordinaria fertilidade". Foino sempre no senso xeográfico, agrícola e forestal, e segue a selo aínda máis no eido humano.

A xente de Verín alberga unha imaxinación de extraordinaria fertilidade, somos un pobo creativo e amante das artes. Non temos máis que observar a intensidade cultural da vila, o amor pola escena das nosas compañías de teatro afeccionado e a querencia pola interpretación música de todos os tipos e entre todas as idades.

O cinema é o xeito de expresión cultural do século XX, prolongada infinitamente neste XXI coa irrupción das novas canles na rede e multiplicada nos seus efectos coas novas tecnoloxías.

E o Festival Internacional de Curtas de Verín é a nosa aposta estrutural por entrar nesta linguaxe, de estar onde están os mellores, as máis extraordinarias e fértiles creatividades. Parabéns por participar. Parabéns por avanzar.

Emilia Somoza
Concelleira de Cultura de Verín

Otero Pedrayo once said that Verin was 'a vast plane with extraordinary fertility'. It has always been like this in a geographical, agricultural and forest sense, and this is something that still applies today, even more so in the humane field.

People in Verin are characterized by their extraordinarily fertile imagination. We are a creative community and we love art. We only have to take into consideration the cultural intensity of the village, the way our amateur theatre companies love performing and the appreciation of people of all ages for any kind of music.

Cinema was the way to convey cultural expression in the 20th century. However, this is something that has been deeply extended throughout this 21st century, thanks to the irruption of new online channels and the latest technologies that have successfully multiplied its effect.

Verin International Short Film Festival is our structural bet to access this language, to be where the best in this industry, the most extraordinary and fertile of creativities, are. Congratulations for being part of this. Congratulations for making progress.

Emilia Somoza
Culture Councillor of Verin

SAÚDA DIRECTOR FIC VÍA XIV

Cando en 2016 concibimos o Festival Internacional de Curtas (FIC) Vía XIV, tiñamos claro que queriamos contribuír con esta iniciativa a fomentar a creación dunha marca "Verín" que pivotase arredor da cultura como valor diferenciador. Hoxe, só un ano despois do inicio da nosa andadura, chegamos á II edición do Festival con esta premisa cumprida.

En 2017, o FIC internacionalízase e isto supón un importante salto cualitativo en tanto en canto nos permite levar o nome de Verín a moitos lugares da nosa xeografía. Polo tanto, como consecuencia da experiencia adquirida no seu primeiro ano de vida, o noso festival medra e transfórmase. Así, das 39 curtas de cinco países diferentes seleccionados o ano pasado a concurso, pasamos nesta edición a 57 pezas de 21 países.

Xunto a isto, os eixos singulares e difereciadores do noso Festival seguen presentes nesta edición. Neste sentido, o FIC xirará arredor das mesmas temáticas *Entroido, Fronteira e Emigración,* tres conceptos moi instalados no imaxinario colectivo verinés. Se ben, percatámonos de que era necesario reorganizar as categorías posto que as de *Emigración e Fronteira* se solapaban en certa medida. Así nace a categoría *Horizontes* como representación simbólica desa liña imaxinaria e invisible, lonxana e inalcanzable como metáfora da migración. Por outra banda, o horizonte como liña que separa o aquí do alá, como unha sorte de *Fronteira* entre onde estamos e calquera outro lugar.

Dada a singularidade do noso territorio, do Val do Támega dividido pola Raia, e da nosa historia de *Emigración* e *Fronteira* con todos os seus significados en ambas as beiras, non podía faltar unha categoría galego-portuguesa denominada *A Raia.* Nela poderase ver unha selección de curtas de cineastas de Galicia e de Portugal. De igual xeito, a sección dedicada ao entroido recibe agora o nome de *Outra Mirada* e recollerá obras que destrúen as regras cartesianas, que crean espazos alternativos, que experimentan coa linguaxe cinematográfica e que manexan códigos surrealistas e oníricos.

Paralelamente, decidimos crear unha categoría a maiores denominada *Nova* para dar a posibilidade de concursar a diferentes pezas que non tiñan cabida nas categorías temáticas establecidas. Nesta sección, podemos atopar primeiras obras de autores noveis xunto a películas gañadoras en prestixiosos certames coma o Festival de Cannes ou a Mostra de Venecia. Na súa maioría, son películas que exploran o humano, as relacións familiares, a comunidade ou o amor.

A sección *Horizontes* aborda temas como os conflitos armados, as migracións forzosas, como as cidades se modelaron a través da inmigración ou como se vive nun territorio ocupado por un exército invasor. Son miradas sinceras onde cabe a beleza e o cotián.

Por outra banda, *Outra Mirada* reúne películas que exploran o entroido, as mascaradas, os ritos en diversos lugares do mundo e engloba as pezas máis libres do festival, en moitas das cales a experimentación formal e narrativa constitúe o centro mesmo da película.

Por último, a sección *A Raia,* composta por filmes galegos e portugueses, está formada por catro programas, nos que atopamos algunhas das mellores películas do ano, xunto a primeiras obras de autores novos cun futuro prometedor.

Xunto ao cartel oficial, desde a organización do FIC Vía XIV afanámonos en configurar un completo programa de actividades paralelas para todos os públicos, que incluirá obradoiros de cine, programación de ciclos temáticos e retrospectivas, e foros e mesas de debate, entre outras. A finalidade última é a de achegar a cultura do cine a todas as persoas participantes nas diversas actividades, xa sexan de Verín ou visitantes.

Por último, gustaríame agradecer especialmente a implicación do Concello de Verín como forza motriz do FIC Vía XIV e tamén a de todos os municipios limítrofes, institucións, organismos e empresas colaboradoras, sin cuxa cooperación non sería posible a posta en marcha deste certame.

Carlos Montero
Director FIC Vía XIV

GREETINGS FROM THE FIC VIA XIV DIRECTOR

When we created the International Short Film Festival (FIC) Vía XIV in 2016, we knew that with this initiative we wanted to contribute to fostering the creation of a "Verín" brand that would revolve around culture as a differentiating value. Today, only a year after the start of our journey, we arrive at the 2nd Edition of the Festival with this premise fulfilled.

In 2017, the FIC is internationalized and this represents a significant leap in so far as it allows us to carry the name of Verín to many places of our geography. As a result of experience gained in the first year of its life, our festival grows and transforms. Therefore, from the 39 short films selected from five different countries last year for the competition, we have gone to 57 pieces from 21 countries in this edition.

Together with this, the unique and distinguishing features of our Festival are still present in this edition. In this sense, the FIC will revolve around the same themes of *Carnival, Border* and *Emigration,* three concepts that are very installed in the imaginary collective of Verín. Although, we realized that we needed to reorganize the categories since *Emigration* and *Border* overlapped to some extent. Due to this, the *Horizons* category is created as a symbolic representation of that imaginary and invisible line, distant and unreachable as a metaphor for migration. On the other hand, the horizon line that separates the here from there, as a sort of *Border* between where we are and any other place.

Given the uniqueness of our territory, of the Valley of the Támega divided by A Raia, and our history of *Emigration* and *Border* with all its meanings on both sides, there had to be a Galician-Portuguese category called *A Raia.* In it you will see a selection of short films from film-makers of Galicia and Portugal. Similarly, the section dedicated to the carnival now receives the name of *Another Look* and includes works that destroy Cartesian rules, which create alternative spaces, which experiment with cinematographic language and which manage surreal and dreamlike codes.

At the same time, we decided to create a new category called *Nova* to allow different pieces to compete that had no place in the subject categories established. In this section, we can find first works of new authors along with winning films at prestigious festivals such as the Festival of Cannes or Venice Film Festival. For the most part, they are films that explore that which is human, family relations, the community, the home or love.

The *Horizons* section covers topics such as armed conflicts, forced migration, how cities were modelled through immigration or how one lives in a territory occupied by an invading army. They are sincere looks where there is room for beauty and everyday life.

In turn, *Another Look* brings together films that explore the carnival, masquerades, rites in various parts of the world and encompasses the freest pieces of the festival, in many of which the formal experimentation and narrative makes up the very heart of the film.

Finally, the *A Raia section,* composed by Galician and Portuguese films; this is made up from four programmes, in which we find some of the best films of the year, together with first works by young authors whose future is promising.

Together with the official poster, from the Via XIV FIC organisation we have endeavoured to set up a full programme of parallel activities for all audiences, which will include film workshops, programming of thematic cycles and retrospectives and forums and discussion panels, among others. The ultimate aim is to bring the film culture closer to all the participants in the various activities, whether they are people from Verín or visitors.

Finally, I would like to especially thank the involvement of the Town Council of Verín as the driving force of FIC Vía XIV and also of all neighbouring town councils, institutions, agencies and collaborating companies, without whose co-operation the setting up of this competition would not be possible.

Carlos Montero
FIC Vía XIV Director

INFORMACIÓN

As proxeccións de curtas, ciclos e retrospectivas do Festival de Verín terán lugar nos seguintes espazos:

- **Sala de Proxección do Auditorio**
  Camiño Balneario de Sousas, 32600 (Verín)
- **Salón de Actos da Casa da Cultura**
  Rúa Irmás La Salle s/n, 32600

Tamén se desenvolverán actividades paralelas nestes lugares:

- **Sala Polivalente do Auditorio Municipal**
  Camiño Balneario de Sousas s/n, 32600
- **Bar Meigallo**
  Rúa Irmáns Moreno, 11
- **Aula CEMIT (Casa da Xuventude)**
  Avenida de Portugal, 11

INFORMATION

The exhibition of short films, film series and retrospective of the Verín Festival will take place in the following venues:

- **Projection box of the Auditorium**
  Camiño Balneario de Sousas, 32600 (Verín)
- **Assembly Hall of Casa da Cultura**
  Rúa Irmás La Salle s/n, 32600

Parallel activities will also take place in the following venues:

- **Multi-purpose room of the Auditorium**
  Camiño Balneario de Sousas s/n, 32600
- **Meigallo Bar**
  Rúa Irmáns Moreno, 11
- **CEMIT Room (Casa da Xuventude)**
  Avenida de Portugal, 11

Xurado e Premios

MEMBROS DO XURADO OFICIAL DO FIC VÍA XIV 2017

Nicolas Azalbert (membro xurado): Crítico de cine na revista francesa *Cahiers du Cinéma* desde o ano 2000. Forma parte desde 2009 do Consello de Redacción desta mesma publicación, á que imprimiu un renovado e sinxelo estilo que lle ten permitido achegarse a máis lectores de todo o mundo. Azalbert é, ademais, membro do comité de selección do Festival de Biarritz América Latina desde 2013 e dirixiu cinco películas: *Se non afogo* (2003), *Se fora eu un fiuncho* (2005), *A Brasa, As Cinzas* (2015) e *A liberdade das pantasmas* (2015).

Juan Soto (membro xurado): Cineasta colombiano. Graduado pola Escola Internacional de Cine e Televisión de San Antonio de los Baños (EICTV) de Cuba. Actualmente vive en Londres, onde traballa como montador e técnico audiovisual para proxectos artísticos, actividade que combina coa realización dos seus propios proxectos.

Laura Correa-Montoya (membro xurado): Mestrado en Artes e Letras, con énfase en estudos culturais e teoría crítica do programa *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives* das Universidades de Santiago de Compostela (España), Sheffield (Inglaterra) e Perpignan (Francia). Os seus intereses de investigación céntranse no eido da estética, o cinema e a literatura experimental.

Juan Osorio-Villegas (membro xurado): Mestrado en Estudos Cine e Audiovisual Contemporáneo na Universitat Pompeu Fabra (Barcelona). Comunicador Social-Xornalista pola Universidade de Pontificia Bolivariana de Medellín (Colombia) e profesor do pregrado de Comunicación Social-Xornalismo con especialización en Literatura.

Maider Fernández (membro xurado): É educadora, artista e realizadora. Traballou como mediadora no Centro Internacional de Cultura Contemporánea Tabakalera, en San Sebastián. Compaxinou ese labor co de profesora de fotografía nos cursos anuais de Donostia Kultura da cidade e, a súa vez, realizando distintos traballos audiovisuais no proxecto colectivo *As mozas de Pasaik*. Actualmente, atópase realizando en solitario o proxecto *As letras de Jordi* e a videoinstalación *Gloria e María.*

Nora Sola (membro xurado): Xornalista, empresaria, directora de sete edicións do Festival Internacional de Cine Independente de Ourense, Nora Sola é unha profesional que estivo toda a súa vida vinculada aos medios de comunicación. Posúe unha ampla experiencia en prensa, radio e televisión que abarca todos os campos, desde a produción ata a dirección en todos e cada un dos seus proxectos. Na actualidade e tras a súa xubilación é colaboradora habitual en diferentes programas de radio e televisión, coordinadora do Club de Lectura e do Grupo de Teatro Leido Berenguela, así como vicepresidenta provincial de Cruz Vermella Española. As súas pasións céntranse no cinema, a música, a súa familia e os seus dous fogares: Ourense e Verín, vivindo intensamente todas as experiencias nas que participa.

ESTABLÉCENSE OS SEGUINTES PREMIOS:

- Gran Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe do Festival "VIA XIV": 1.500€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial ENTROIDO - OUTRA MIRADA: 750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial MIGRACIÓN/FRONTEIRA-HORIZONTES: 750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial GALEGO/PORTUGUESA – A RAIA: 750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial NOVA: 750€ e Trofeo.
- Premio do público á Mellor Curtametraxe: 600€ e Trofeo.
- Premio AGAG ao Mellor Guión Galego: 600€ e Trofeo.
- Premio CREA á Mellor Dirección Galega: 600€ e Trofeo.
- Mención do Xurado á Mellor Curtametraxe: Diploma.
- Premio NUMAX á Distribución: unha semana en carteleira no cinema NUMAX de Santiago de Compostela.

Jury and Awards

FIC VIA XIV 2017 OFFICIAL JURY MEMBERS

Nicolas Azalbert (jury member): Cinema critic in the French magazine *Cahiers du Cinéma*since year 2000. He has been part of the Editing Board of this same publication in which he endowed a renewed and simple style that led to developing closer ties with their readers around the world. Moreover,Azalbert is a member of the Selection Committee of the Festival de Biarritz América Latina since 2013and he has directed four films: *Si no ahogo* (2003), *Si fuera yo un helecho* (2005), *La Brasa Las Cenizas* (2015) and*La libertad de los fantasmas* (2015).

Juan Soto (jury member): Colombian cinema director. Graduated by the Escuela Internacional de Cine y Televisión de San Antonio de los Baños (EICTV) in Cuba. Living currently in London, where he works in editing and as an audiovisual technician for artistic projects, activity which he combines with the production of his own projects.

Laura Correa-Montoya (jury member): Arts and Humanities Masters, focused on cultural studies and critic theory for the program *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives*of the Universities of Santiago de Compostela (Spain), Sheffield (England) andPerpignan (France). Her research interests focus on the following fields: aesthetic, cinema and experimental literatura.

Juan Osorio-Villegas (jury member): Masters in Cinema Studies and Contemporary Audiovisual in Universitat Pompeu Fabra (Barcelona). Social Communicator – Journalist by Universidad Pontificia Bolivariana de Medellín (Colombia) and teacher of the pre-degree of Social Communication-Journalism with especialization in literature.

Maider Fernández(jury member): educator, artist and producer. She worked as a mediator in the Centro Internacional de Cultura Contemporánea Tabakalera, in San Sebastián. She combined this job with teaching photography in the anual courses of Donostia Kultura de la ciudad, and carrying out several audiovisual projects in the group project *Las jóvenes de Pasaik.* She is currently working on her own in *Las letras de Jordi*and the videoinstallation *Gloria y María.*

Nora Sola (jury member): Nora Sola is a journalist and businesswoman who has directed the Festival Internacional de Cine Independiente de Ourense during 7 editions and she has always been closely linked to the media. She has a extensive expertise in press, radio and televsion, including every field from production to direction of every project she has worked in. Currently, after retiring, she is a regular collaborator in different radio and television programs, coordinator of the Reading Club and the Theatre Group Leido Berenguela, as well as Provincial Vicepresident of the Spanish Red Cross. She is passioned about cinema, music, her own family and her two homes: Ourense and Verín, living intensely every experience that she takes part in.

THE FOLLOWING AWARDS HAVE BEEN ESTABLISHED:

- Grand Jury Award for Best short film in “VIA XIV” Festival: 1.500€ and Trophy
- Jury Award for Best short film in the Official Cathegory CARNIVAL – ANOTHER GLANZE: 750€ and Trophy.
- Jury Award for Best short film in the Official Cathegory MIGRATION/BORDER-HORIZONS: 750€ and Trophy..
- Jury Award for Best short film in the Official Cathegory GALICIAN/PORTUGUESE – THE LINE: 750€ and Trophy
- Jury Award for Best short film in the Official Cathegory NEW: 750€ and Trophy.
- Audience Award for Best short film: 600€ and Trophy.
- AGAG Award for Best Galician script: 600€ and Trophy.
- CREA Award for Best Galician Direction: 600€ and Trophy.
- Honorable Mention from the Jury for Best short film: Diploma.
- NUMAX Award for Distribution: a week in the programme of NUMAX in Santiago de Compostela.

FILME INAUGURAL: OS DÍAS AFOGADOS

Tras mostrarse en decenas de festivais internacionais e gañar premios por todo o mundo, *Os días afogados,* unha historia de fronteira e de loita cívica que ten lugar nas aldeas de Aceredo e Buscalque na "raia seca", estréase en Verín. A resistencia dos veciños é filmada con cámaras domésticas por eles mesmos, xerando un valioso arquivo que será o xerme para esta película.

PARTICIPANTES:

César Souto: César Souto Vilanova (1975) é licenciado en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende o ano 2006, especialízase na realización de reportaxes en profundidade sobre varios aspectos da actualidade, política e social galega, española e internacional.

Luís Avilés: Cineasta nominado como mellor director nos premios do audiovisual galego e finalista do Goya ao Mellor Director Novel. Realizador, operador e director de documentais, videos musicais e diversos traballos institucionais e industriais.

Iván Patiño: As liñas da súa produtora Amanita Films diríxense cara a creación de proxectos de ficción e documental, facendo especial fincapé no talento emerxente galego.

OPENING FILM: THE DROWNED DAYS

After having been projected in tens of international festivals and winning awards around the world, The drowned days, a story of border and the civic struggle which takes place in the villages of Aceredo and Buscalque in "raia seca" (dry line) arrives in Verín. The neighbors resistance is filmed using home cameras by themselves, generating a valuable archive which will be the seed for this film

PARTICIPANTS:

César Souto: César Souto Vilanova (1975) holds a degree in Journalism by Santiago de Compostela University. Since 2006, he is specialized in writing news reports on different files of political and social current affairs in Galicia, Spain and the international sphere.

Luís Avilés: Cinema director nominated to Best Director in the Galician audiovidual awards and short-listed to Best New Director in the Goya awards. Producer, operator and documentary director, videoclips and several institutional and industrial works.

Iván Patiño: The business lines of his production company are geared towards the creation of new fiction and documentary projects emphasizing on the emerging talent in Galicia.

COMPETICIÓN OFICIAL (CURTAS)

Un festival debe ser un espazo de liberdade, de manifestación cultural e de intercambio, un lugar desde o que poder compartir co público unha serie de experiencias fílmicas que, en xeral, non se poden atopar en cines comerciais ou na televisión. Por este motivo, o FIC Vía XIV propón unha liña artística que tende cara a un cinema diferente, máis creativo, máis libre e máis autoral.

Para a competición oficial, o FIC Vía XIV recibiu máis de 750 curtas procedentes de 30 países diferentes. Destes, seleccionáronse 15 para a sección *Nova* formada por tres programas; 10 para a sección *Horizontes,* conformada por dous programas; 12 para *Outra Mirada,* que está composta tamén por dous programas e 17 para a sección *A Raia,* conformada por catro programa. Xunto a isto, dentro do programa oficial e fóra de concurso proxectaranse tres curtas máis no apartado de *Visionado Especial.* En total son, pois, 57 as curtas seleccionadas que proceden de 21 países diferentes.

OFFICIAL COMPETITION (SHORT FILMS)

A festival must be a place for freedom, for cultural expression and for exchange; a place for sharing with the audience film experiences that, in general, are not played in commercial cinemas or on TV. Thus, FIC Vía XIV bets on an artistic line oriented to a different cinema, more creative, freer and more 'personal'.

FIC Vía XIV received more than 750 short films submitted from 30 different countries to take part in the official competition. Of which, only 15 were selected for the category *Nova,* consisting of three programmes; 10 for the category *Horizontes,* consisting of two programmes; 12 for *Outra Mirada,* also consisting of two programmes, and 17 for the category *A Raia,* consisting of four programmes. Besides, within the official programme and out of the competition, three more short films will be played in the category *Visionado Especial.* In all, 57 short films from 21 different countries were selected.

KAPITALISTIS

Pablo Muñoz Gómez
Bélxica-Belgium
2017 // 15´

Papá Noel é un capitalista. Trae xoguetes aos nenos ricos e roupa aos pobres.

Pablo Muñoz Gómez
Nado en Bruxelas en 1989, a filmografía de Muñoz Gómez inclúe títulos como *Intégration, Inch´Allah ou Welkom.*

Santa Claus is a capitalist. He brings toys to the rich kids and sweatshirts do the poor ones.

Pablo Muñoz Gómez
Born in Brussels in 1989, the filmography of Muñoz Gómez includes titles such as *Intégration, Inch'Allah or Welkom.*



La voz perdida

Marcelo Martinessi
Paraguai-Paraguay
2016 // 11´

A partir dunha entrevista orixinal sobre a masacre de Curuguaty, esta curta interroga a historia recente de Paraguai.

Marcelo Martinessi
(Asunción, 1973). As súas curtametraxes que abordan temas vinculados á memoria, identidade e dereitos humanos no seu país, teñen sido exhibidas na Berlinale, Clermont Ferrand, Locarno e diversos festivais de todo o mundo. Marcelo foi o primeiro director da TV pública de Paraguai desde a súa creación (ano 2010) ata o golpe de estado do ano 2012. Recibiu recentemente o Premio Orizzonti á Mellor Curtametraxe no Festival de Cine de Venecia.

Based on an original interview about the Curuguaty massacre, this short film interrogates Paraguay's recent history.

Marcelo Martinessi
(Asunción, 1973) His work revolving around memory, identity and human rights in his home country has been shown at the Berlinale, Clermont Ferrand, Locarno and many other festivals. Marcelo was director of the first Paraguayan Public Tv from its creation (2010) until the 2012 coup d'etat. He had recently received the Orizzonti Award for Best Short Film at the 2016 Venice Film Festival.

Los desheredados

Laura Ferrés
España-Spain
2017 // 18´

Los Desheredados é un retrato do pai da directora enfrontándose á fin do negocio familiar. Pere Ferrés ten 53 anos e está a cargo dunha empresa de autocares. A escaseza de ingresos obrígalle a realizar despedidas de solteiro onde os clientes adoitan destrozar o vehículo, pero non está disposto a perder a súa dignidade.

Laura Ferrés

Laura Ferrés (Barcelona, 1989). Graduada en Dirección Cinematográfica na ESCAC (España). Posteriormente, asistiu a seminarios impartidos por cineastas como José Luis Guerín e guionistas como Enric Rufas, colaborador habitual de Jaime Rosales. *Perro Flaco* é o seu proxecto final de carreira, unha curtametraxe de ficción en 35 mm. Foi seleccionada en 60 certames arredor do mundo, destacando Seminci 2015 (España) e Montreal World Film Festival 2015 (Canadá). *Los Desheredados* é a súa segunda curtametraxe.

The Disinherited is a portrait of director's father facing the end of his familiy business. Pere Ferrés a fifty-year-old man who is in charge of a coach company. The lack of income forces him to organise stag nights where the clients usually destroy a vehicle, but he is not willing to lose his dignity.

Laura Ferrés

Laura Ferrés (Barcelona, 1989). She holds a degree in Cinema Direction by ESAC (Spain). Afterwards she attended seminars given by cinema directors such as José Luis Guerín and script writers such as Enric Rufas, frequent collaborator of Jaime Rosales. *Perro Flaco* is the final project of her degree, a short fiction movie in 35 mm. It was selected for 60 festivals around the world, including outstanding events such as SEMINCI 2014 (Spain) and Montreal World Film Festival 2015 (Canada). *The Disinhirited* is her second short movie.



A GENTLE NIGHT



Qiu Yang
China,Francia-China,France
2017 // 15´

Nunha cidade chinesa sen nome, unha nai tenta buscar á súa filla desaparecida nunha noite apracible.

Qiu Yang
Qiu Yang naceu e medrou en Changzhou, Cina. Estudou dirección de cinema no Victorian College of the Arts, Australia. A súa última curta *A Gentle Night* (Unha noite apracible) foi seleccionada para a competición da 70ª edición do Festival de Curtametraxes de Cannes, en 2017. En 2015, a súa curta *Under the Sun* (Baixo o sol) foi seleccionada para a competición do 68º Festival de Cannes Cinéfondation e foi tamén seleccionada para a competición de máis de 80 festivais de cinema internacionais, incluíndo ARI Fest, New Directors/New Films, Clermont-Ferrand, Palm Springs e nomeada para a 52ª edición do Premio Taipei Golden Horse.

In a nameless Chinese city, a mother with her daughter missing, refuses to go gently into this good night.

Qiu Yang
Qiu Yang was born andraised in Changzhou, China. He studied film directing at the Victorian College of the Arts, Australia. His last short film *A GentleNight* was selected for the 70th Festival de Cannes Short Film Competition in 2017. And in 2015, his short *Under the Sun* was selected for the 68th Festival de Cannes Ciné fondation competition and is now selected for more than 80 international film festivals, including the AFI Fest, New Directors/New Films, Clermont-Ferrand, Palm Springs and nominated for the 52nd Taipei Golden Horse Award.

Why is difficult to make films in Kurdistan

Ebru Avci
Turquía-Turkey
2017 // 30´

Unha moza kurda tenta convencer á súa familia, de corte tradicional, de que lle deixe estudar cinema, mentres grava a súa vida diaria.

Ebru Avci

Ebru Avci (1991, Adiyaman, Turquía). Matriculouse inicialmente na titulación de Bioloxía Molecular e Xenética, pero o obxectivo que perseguía estudando en Estambul era estar preto do mundo do cinema. No momento no que descubriu que sería difícil formarse en cinema ou rodar unha película en Turquía abandonou os seus estudos e mudouse a Polonia para poder estudiar alí. Pasou o exame de admisión da Lodz Film School, onde cursou un ano. Posteriormente descubriu que existía unha escola de cinema en Bosnia, Bela Tarr, onde actualmente cursa Dirección de Cine.

A Kurdish girl is trying to convince her traditional family to let her study cinema while filming their daily life.

Ebru Avci

Ebru Avci was born in a small Kurdish city Adiyaman/Turkey. She studied primary school and high school in Adıyaman. She took a place at the Istanbul University and studied Molecular Biology and Genetic. Her goal for coming to Istanbul was to be closer to the cinema and cinema sector, which was her dream. When she realised that it would be difficult to for her to study cinema or make film in Turkey she left her university education at the 3rd year and then she went to Poland to study cinema. She passed entrance examination for Lodz Film School. She studied one year Polish language and one year film directing.Than she came to know that Bela Tarr has film school in Bosnia. Now she is studing a bachelor in film directing.

I LIKE GIRLS

Diane Obomsawin
Canadá-Canada
2016 // 8´

En *I Like Girls* catro mulleres revelan os segredos do seu primeiro amor por medio de divertidos relatos de natureza íntima sobre desexo unilateral, atracción mutua, momentos eróticos e torpes intentos de expresión sexual. Para as protagonistas, descubrir que se senten atraídas por outras mulleres tamén trae consigo unha compresión moito máis profunda da súa identidade persoal e a adquisición dunha renovada conciencia de si mesmas.

Diane Obomsawin
Diane Obomsawin é unha caricaturista de ascendencia abenaki que fixo de Montreal o seu fogar. Diane naceu en 1959 e criouse principalmente en Francia, onde comezou a súa carreira como artista gráfica. A comezos dos anos 80, regresou a Montreal e deu o salto natural aos cómics, a ilustración e a pintura. Ao longo das dúas décadas seguintes, converteuse nun dos piares da escea do cómic *underground.* Durante esta época, foi máis coñecida polo seudónimo «Obom». En 1992, Diane Obomsawin creou a súa primeira curta animada, *L'abominable microbe,* que supuxo o inicio dunha longa aventura na dirección cinematográfica.

In I Like Girls, four women reveal the nitty-gritty about their first loves, sharing funny and intimate tales of one-sided infatuation, mutual attraction, erotic moments, and fumbling attempts at sexual expression. For them, discovering that they're attracted to other women comes hand-in-hand with a deeper understanding of their personal identity and a joyful new self-awareness.

Diane Obomsawin
Diane Obomsawin is a cartoonist and animator of Abenaki descent who calls Montreal home. Born in 1959, she grew up mainly in France, where she began her career as a graphic artist. She returned to Montreal in the early 1980s and made the natural leap to comic books, illustration and painting. For the next two decades, she would be a mainstay of Quebec's underground comic book scene, during which time she became better known under the pseudonym "Obom." In 1992, she created her first animated short, L'abominable microbe, launching a long and wild adventure in filmmaking.

La femme canon

Albertine Zullo, David Toutevoix
Canadá-Canada
2017 // 14´



Madeleine, a muller do canon, e o seu home son acróbatas. A súa vida, como o seu número, parece perfectamente regulada. De feito, Madeleine, cansada, intenta romper a rutina. Ela deixa ao seu marido, sen dicir unha palabra, e convértese nunha muller con barba. O tempo pasa, pero o amor que senten non se extingue.

Albertine Zullo, David Toutevoix

Albertine Zullo, coñecida profesionalmente simplemente como Albertine, (nada en 1967) é unha ilustradora suíza que se especializa en ilustrar libros para cativos, moitos dos cales foron publicados en inglés. Desde 1996, ensina impresión de pantalla na Universidade de Arte e Deseño de Xenebra.

David naceu cunha cámara nas súas mans e desde moi novo divertíase iluminando as esceas dos seus amigos no mundo do xogo. A súa familia non entendía o potencial deste neno extraordinario, que foi descuberto por Renato Berta nunhas vacacións en Drome Provençale. O mestre tratrou de entrenalo en stop-motion. Desde entón, David arroxou luz sobre as esceas de Helium Films, asociación á que se uniu en 2013. É co-director da curta *La Femme Canon,* xunto á ilustradora Albertine Zullo.

Madeleine the Human Cannonball and her husband are carnies. Their lives, like their show, seem to be perfectly under control. But in reality, Madeleine is unhappy and wants to break out of her routine. Without saying a word, she leaves her husband and becomes the Bearded Lady. Time passes, but their love for each other does not die.

Albertine Zullo, David Toutevoix

Albertine Zullo, professionally known simply as Albertine, (born 1967) is a Swiss illustrator who specializes in illustrating children's books, many of which have been published in English. Since 1996, she has taught screen printingat the Geneva University of Art and Design.

David was born with a camera in his hands and since he was a child, he used to enjoy capturing his friends' games. His family didn't appreciate the potential of this extraordinary child, who was discovered by Renato Berta during his holidays in Drome Provençale. David's master tried to train him in stop-motion. Since then, David played an active role in Helium Films, an association he entered in 2013. He is the co-director of the short film *La Femme Canon,* along with the illustrator Albertine Zullo.

Copa-Loca

Christos Massalas
Grecia-Greece
2017 // 14´

Esta é a historia de Copa-Loca, un complexo vacacional grego abandonado. A figura máis importante de Copa-Loca é unha moza chamada Paulina. Todo o mundo se preocupa por ela e ela coida de todo o mundo, facendo todo o que está nas súas mans.

Christos Massalas
Christos Massalas naceu en Grecia en 1986. Estudou Teoría do Cine en Kingston University, Londres, e Dirección de Cinema na London Film School (LFS). As súas curtametraxes participaron e recibiron galardóns en numerosos festivais internacionais, incluíndo Locarno, Tampere, BFI, São Paulo, Uppsala, Thessaloniki e Silhouette. Foi bolseiro tamén con estancia para artistas en Serbia e Noruega. Actualmente reside en Atenas, onde está traballando en *Broadway,* o seu debut na longametraxe.

This is the story of Copa-Loca, an abandoned Greek summer resort. Paulina is the girl at the heart of Copa-Loca. Everyone cares for her and she cares about everyone – in every possible way.

Christos Massalas
Christos Massalas was born in Greece in 1986. He studied Film Theory at Kingston University, London and Filmmaking at the London Film School, LFS. His short films have been screened and won awards at many international film festivals, including Locarno, Tampere, BFI, São Paulo, Uppsala, Thessaloniki and Silhouette. He was also granted Artist Residencies in Serbia and Norway. He is currently based in Athens, where he is developing Broadway, his feature-length debut.

She's beyond me

Toru Takano
Xapón-Japan
2017 // 42'

Un ano, Kazuki, un novelista incipiente, pasa as vacacións estivais na súa illa natal traballando en novas novelas. Inesperadamente é posto á fronte do hostal no que se aloxa, onde coñece a Reiko e Yuka, hóspedes procedentes de Tokio, no seu primeiro día. Kazuki sente que empeza a namorarse de forma tola de Reiko, unha muller cun perfil moi parecido ao da súa antiga moza, coa que saíu hai 10 anos. Unha noite, mentres están tomando algo os tres, vense metidos nun bo apreto causado polo comportamento carente de sentido de Yuka.

Toru Takano

Nado en 1988. Graduouse na Yokohama National University Graduate School of Urban Innovation (Yoichi Umemoto film studio). Traballou como asistente de dirección do filme *Happy Hour,* dirixido por Ryusuke Hamaguchi.

One year, Kazuki, a fledgling novelist, spends his summer vacation on his hometown island writing new novels. He is unexpectedly put in charge of managing the guest house where he is staying, and he meets Reiko and Yuka, guests from Tokyo, on his very first day. Kazuki finds that he starts to completely fall for Reiko, a woman who is very similar to his ex-girlfriend whom he dated 10 years ago. One night, the three of them drink together and get into a huge predicament caused by Yuka's wanton behavior.

Toru Takano

Born in 1988. He graduated from Yokohama National University Graduate School of Urban Innovation (Yoichi Umemoto film studio). He served as assistant director of *Happy Hour* which was directed by RyusukeHamaguchi.



Interiors & exteriors

Ashique Mostafa
Bangladesh-USA
2017 // 8´

Unha obra observacional gravada nunha soa toma que trata sobre o microcosmos das prácticas islámicas e a segregación de clases que ten lugar en Dacca, a capital de Bangladesh.

Ashique Mostafa
Ashique Mostafa, cofundador de Khona Talkies, finalizou os seus estudos de Dirección e Produción Cinematográfica na Escola de Artes Visuais de Nova York. Phulkumar (2002), a súa película de graduación, foi gravada en Bangladesh. O filme aínda é lembrado neste país hoxe en día, máis dunha década despois da súa gravación, xa que concedeu a oportunidade a un numeroso grupo de mozos de participar de xeito activo no proceso de rodaxe da película e de aprender aspectos relacionados coa dirección cinematográfica.

A one-take observational piece about the microcosm of Islamic practices and class segregation in Bangladesh's capital city Dhaka.

Ashique Mostafa
Ashique Mostafa, co-founder of Khona Talkies, graduated in film direction & production from School of Visual Arts in New York. As his graduation film, he made Phulkumar (2002) that was shot in Bangladesh. Phulkumar is remembered in Bangladesh even almost after a decade because it created the opportunity for a large group of young minds to actively participate in the process of filmmaking and learn filmmaking first hand.

White trash

Sunčica Ana Veldić
Croacia-Croatia
2017 // 12'

Unha escea distópica dun vertedoiro nunha mañá de inverno con néboa, perturbada pola presenza de gaivotas e dalgúns humanos absortos nos seus asuntos.

Sunčica Ana Veldić

Sunčica Ana Veldić é veterinaria en Zagreb. Dedícase á produción de documentais dende hai varios anos no Kinoklub Zagreb. No ano 2015 obtivo un primeiro premio pola súa película *Croatian Virgin,* un segundo premio por *The Tenant,* así coma un premio especial no Festival de Cine de Luksuz celebrado en Krško, Eslovenia, pola súa primeira película, *Hux Flux,* que dirixiu xunto a Martin Semenčić.

A dystopian scene of a landfill on a foggy winter morning, disrupted by gulls and some humans going about their business

Sunčica Ana Veldić

Sunčica Ana Veldić is a veterinarian from Zagreb. She's been making documentaries for the last few years in Kinoklub Zagreb production. In the year 2015 she won 1 st award for the film *Croatian Virgin* and the 2nd award fot the film *The Tenant* and also on Luksuz film festival in Krško, Slovenia, she got a special award for her first film *Hux Flux,* which she directed with Martin Semenčić.

Hedgehog's home

Eva Cvijanović
Canadá,Croacia-Canada,Croatia
2017 // 10´

Nun bosque exuberante e animado vive un ourizo. É respectado e envidiado polos outros animais. Porén, a devoción inquebrantable do ourizo á súa casa molesta a un cuarteto de bestias insaciables.

Eva Cvijanović
Eva Cvijanović (1984) é unha animadora e cineasta comprometida co potencial narrativo das contornas e as personaxes. Dende que finalizou os seus estudos na Universidade Concordia, produciu e dirixiu unha película independente de cinco minutos *(Seasick,* 2013), elaborou sets en miniatura e de tamaño real para títeres e marionetas e traballou en videos musicais e curtas multimedia. O traballo de Eva abarca dende documentais a películas de marionetas, pasando por videoxogos, entre outros.

A hedgehog lives in a lush and vibrant forest. He is respected and envied by other animals. However, the hedgehog's unwavering devotion to his house, upsets a quartet of insatiable beasts.

Eva Cvijanović
Eva Cvijanović (1984) is an animator and filmmaker focused on the storytelling potential of environments and character. Since graduating from Concordia University, she has produced and directed a five-minute independent film (Seasick, 2013), built miniature and life-sized sets for puppets and marionettes, and worked on music videos and multi-media shorts. Eva's experience ranges from working on documentary and puppet films to videogames and more.

Five minutes

Justine Bateman
USA
2017 // 9´

Five Minutes é unha curta cuxa acción se desenvolve nunha escola de primaria nos Estados Unidos. Os pais reuníronse para unha titoría. O director do colexio involúcraos nunha actividade de escoita para que poidan practicar a "escoita activa", coa pretensión de mellorar a relación cos seus fillos. Un dos pais, Tom, amósase reacio e sorprendido polo entusiasmo dos demais pais e a súa disposición para compartir información persoal durante o exercicio proposto. Escoita a medias á súa parella, Ana, mentres está a falar. Cando chega a súa quenda, Tom decide actuar dun xeito despreocupado, o que xera infinidade de reaccións no grupo. Trátase dunha serie de reaccións que pesaran sobre el e a súa muller no colexio por moitos anos.

Justine Bateman

Nada en Rye, Nova York, a escritora/directora e produtora Justine Bateman ten un curriculum impresionante que inclúe *Family Ties, Satisfaction, Arrested Development* e moitas outras películas. Foi nominada a dous Globos de Oro e a dous Emmy. É partidaria do principio de neutralidade en Internet e posúe un Grado de Informática e Xestión de Medios Dixitais pola Universidade de UCLA. Produciu *Easy to Assemble* con Ileana Douglas e Jared Drake's Z. Bateman escribiu *Five Minutes,* o seu debut como directora de curtametraxe, que foi presentada en 2017 no Toronto Film Festival. Actualmente está a traballar na súa primeira longametraxe, *Violet.* O seu primeiro libro, *Fame,* unha obra de ficción sobre as necesidades da sociedade, será publicada en 2018 por *Akashic Books.*

Five Minutes is a 9:30 minute film short that takes place at a small, progressive elementary school in the United States. The parents have gathered for a "parenting session". The School director leads the parents on a "listening experience" so they can learn to become "active listeners". The hope is that the exercise will improve their relationships with their children. One of the parents, "Tom" is the reluctantly and is distracted by the enthusiasm of the other parents and their willingness to reveal personal information during the exercise. He half-listens to his partner, "Anne", as she talks. When it is his turn to talk, Tom makes a careless decision that begins a cascade of reactions from the group. They are the kind of reactions that he and his wife will have to live with, at this school, for many years to come.

Justine Bateman

